



## CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2009/2010

### ESTUDOS DE GRAO E DE MÁSTER UNIVERSITARIO

O período lectivo do curso académico comprenderá do día **21 de setembro** de 2009 ao **30 de xullo** de 2010.

1. As actividades académicas comezarán e rematarán nas datas seguintes:

**Primeiro cuadrimestre:**

Inicio: 21 setembro de 2009

Remate: 3 de febreiro de 2010

**Segundo cuadrimestre**

Inicio: 4 febreiro de 2010

Remate: 7 de xuño de 2010

2. En cada curso académico o alumnado terá dereito a dúas oportunidades para superar cada materia. A realización das **probas de avaliación** terá lugar ao final de cada cuadrimestre e na data sinalada para a “convocatoria final”, de modo que o calendario de probas de avaliación queda como segue:

- Primeiro cuadrimestre: do 21 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2010  
(A data límite de entrega e sinatura da 1.<sup>a</sup> edición das actas é o 18 de febreiro de 2010)
- Segundo cuadrimestre: do 25 de maio ao 7 de xuño de 2010  
(A data límite de entrega e sinatura da 1.<sup>a</sup> edición das actas é o 25 de xuño de 2010)
- Convocatoria final: do 1 ao 15 de xullo de 2010  
(A data límite para a entrega e sinatura da 2.<sup>a</sup> edición das actas é o 26 de xullo de 2010)

3. O inicio e remate das materias anuais coincidirán co inicio do primeiro cuadrimestre e remate do segundo cuadrimestre respectivamente. As datas das probas de avaliación para estas materias coincidirán coas do segundo cuadrimestre e convocatoria final.

4. Enténdese que a docencia de cada un dos cuadrimestres iniciase na data de comezo do cuadrimestre e remata co comezo das respectivas probas de avaliación.

5. As clases interromperanse desde o día 21 de decembro de 2009 até o día 8 de xaneiro de 2010 (ambos os dous incluídos), os días 15 e 16 de febreiro e desde o día 27 de marzo até o 5 de abril de 2010 (ambos os dous incluídos).

6. Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2010 (celebración do patrón da Universidade). Posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada campus, os días das festas locais.

7. Así mesmo, en cada centro terá carácter festivo a data da súa festividade. Sempre que as festividade dos centros coincidiren en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximo; e de cadraren en mércores trasladaranse ao venres. As que cadraren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.